

No pasado de mes de decembro a Universidade de Vigo, convocou dous procesos selectivos dirixidos á estabilización do persoal de administración e servizos, así como un proceso de promoción interna en virtude das seguintes resolucións:

- Resolución do 1 de decembro de 2022 pola que se convoca proceso selectivo de acceso libre e promoción interna, polo sistema de concurso-oposición, para o ingreso en diferentes escalas e subescalas de persoal de administración e servizos (Diario Oficial de Galicia núm. 238 do 16 de decembro de 2022).
- Resolución do 1 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo de acceso libre e promoción interna, polo sistema selectivo de concurso, para o ingreso en diferentes escalas e subescalas para a estabilización de emprego temporal do persoal de administración e servizos (Diario Oficial de Galicia núm. 238 do 16 de decembro de 2022).
- Resolución do 19 de decembro de 2022 pola que se anuncia a convocatoria do proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, como persoal de administración e servizos. (Diario Oficial de Galicia núm. 244 do 26 de decembro de 2022).

Simultaneamente ao desenvolvemento destes procesos, estase a tramitar o concurso de méritos de persoal funcionario convocado por Resolución do 30 de setembro de 2022 (DOG núm. 195, do 13 de outubro de 2022).

Asemade, a representación legal do persoal instou da Administración a convocatoria dun concurso de méritos para escalas e subescalas non convocadas no anterior, por mor do proceso de integración no réxime funcionarial, cuxas bases serán obxecto de negociación co fin de que se convoque e trámite con anterioridade ao remate dos procesos selectivos mencionados.

Dado o volume da oferta, prevese unha grande afectación na actual configuración dos cadros de persoal motivada pola mobilidade das persoas participantes no concurso e a incorporación do persoal de novo ingreso ou daquel que consolide a súa condición como persoal da Universidade de Vigo o que terá directa incidencia na orde de incorporacións e cesamentos, cuxas regras deben artellarse con carácter previo ao remate dos procesos, co fin de que sexa de público coñecemento polas persoas afectadas en prol do principio de transparencia.

A Administración e a representación legal do persoal, conscientes destas circunstancias, estimaron a necesidade de negociar o citado réxime tendo en conta a natureza dos procesos en trámite, así como a súa directa relación cos fins dos procesos de estabilización do persoal.

Considerando todo o exposto, e para regular exclusivamente os procesos de acceso e provisión enumerados, adóptase o seguinte

**ACORDO SOBRE A EXECUCIÓN DOS PROCESOS DE SELECCIÓN E PROVISIÓN, AO
ABEIRO DA NORMATIVA DE ESTABILIZACIÓN, CONVOCADOS POLA
UNIVERSIDADE DE VIGO EN DECEMBRO DO 2022**

PRIMEIRO. Obxecto e ámbito de aplicación.

O presente acordo ten por obxecto ordenar os procesos de incorporación e cesamento, ao abeiro dos criterios establecidos, con motivo das tomas de posesión que se produzan ao remate do proceso de concurso de méritos, convocado por Resolución do 30 de setembro de 2022 (DOG núm. 195, do 13 de outubro), así como dos procesos selectivos convocados por Resolución do 1 de decembro de 2022 pola que se convoca proceso selectivo de acceso libre e promoción interna polo sistema de concurso-oposición para o ingreso en diferentes escalas e subescalas do persoal de administración e servizos (DOG núm. 238 do 16 de decembro de 2022), Resolución de 1 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo de acceso libre e promoción interna, polo sistema selectivo de concurso, para o ingreso en diferentes escalas e subescalas para a estabilización de emprego temporal do persoal de administración e servizos (DOG núm. 238 do 16 de decembro de 2022), Resolución do 19 de decembro de 2022 (DOG núm. 244 do 26 de decembro) pola que se anuncia a convocatoria do proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, como persoal de administración e servizos e a súa concomitancia co proceso convocado pola Resolución do 30 de setembro de 2022.

SEGUNDO. Orde de cesamentos por mor da toma de posesión dos postos adxudicados por resolución do proceso de concurso de méritos convocado por Resolución do 30 de setembro de 2022.

De conformidade co establecido na Resolución do 31 de marzo de 2009 (DOG do 7 de abril de 2009) pola que se publica o Acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos desta universidade derivados dos procesos de provisión e selección, como regra xeral, a incorporación da persoa titular ao seu novo destino e/ou a

perda do dereito de reserva que lle poida corresponder á persoa titular, implicará o cesamento da persoa funcionaria interina ou da persoa laboral contratada temporal ou porá fin á comisión de servizos ou á adscrición provisional.

Cando nunha unidade non se cubran todas as prazas ofertadas da mesma categoría e quenda, o cesamento producirase consonte á orde de prelación que se recolle na orde que se relaciona:

A) Cesamento de persoal funcionario interino ou persoal con contrato temporal ou persoal laboral fixo en funcións doutra categoría :

I. Orde de prelación:

1. Menor puntuación na lista de agarda.
2. Menor antigüidade na Universidade de Vigo.
3. Menor antigüidade na Administración.

II. A citada orde de prelación aplicarase consonte á agrupación de postos que se determina:

1. Escala -Área de Administración:

- i. Servizo, unidade, oficina, Secretaría do Equipo de Goberno, Secretaría Xeral, Asesoría Xurídica, Biblioteca Universitaria do Campus de Vigo
- ii. En cada campus e/ou ámbito: apoio ao campus ou ámbito, área académica, área de apoio á investigación e transferencia, área de apoio á xestión de centros e departamentos, área económica, área de servizos á comunidade.

2. Área de Biblioteca (Axudantes de Biblioteca)

Por campus, segundo quenda de traballo.

Enténdese que as listas de agarda vixentes para os efectos que se determinan no presente parágrafo son as aprobadas por Resolución do 25 de xaneiro de 2010 (DOG 1 de febreiro de 2010)

B) Cesamento de persoal funcionario en comisión de servizos ou persoal laboral fixo con adscrición provisional. Neste suposto o cesamento producirase por orde de menor a maior antigüidade.

Malia o anterior, teranse en conta os seguintes supostos:

- I. Que non se produza a cobertura da praza de orixe polo concurso de méritos.

No caso de que a persoa titular dunha praza con dereito de reserva sobre esta, estivese substituída por unha persoa funcionaria interina ou persoa con contrato laboral temporal, e obtendo novo destino, a praza reservada quede vacante, o persoal substituto pasará a interino en vacante previa extinción do vínculo inicial e expedición do novo vínculo.

II. Que non se produza a incorporación efectiva no novo posto.

No caso de que a persoa titular adxudicataria dun novo destino non se incorpore ao novo posto por ter dereito a unha situación de reserva sobre o mesmo:

1. Se a praza estaba ocupada por unha persoa contratada laboral temporal, funcionaria interina, adscrición provisional ou en comisión de servizos, continuará no seu desempeño previa modificación do vínculo inicial polo de persoal substituto.
2. Se a praza non estaba previamente ocupada por persoal do indicado no parágrafo anterior, a persoa substituta do titular na praza de orixe terá dereito a que se lle ofrezca a cobertura da substitución no novo destino, de ser caso.

C) A pesar do disposto nos parágrafos precedentes, a incorporación da persoa titular a un posto de xefatura tales como xefaturas de equipo, xefaturas de negociado, xefaturas de área, xefaturas de sección, coordinacións, e postos de similares características suporá o cesamento do profesional que o viña ocupando con carácter temporal calquera que sexa a natureza do vínculo.

D) Persoal que non figure nas listas de agarda. Asemade, o persoal que non figure como aspirante nas listas de agarda, entenderase que ten unha puntuación igual a cero puntos.

TERCEIRO: Orde de cesamentos como consecuencia das tomas de posesión dos procesos de estabilización convocados por Resolución do 1 de decembro de 2022 pola que se convoca proceso selectivo de acceso libre e promoción interna polo sistema de concurso-oposición para o ingreso en diferentes escalas e subescalas do persoal de administración e servizos (DOG núm. 238 do 16 de decembro de 2022), Resolución de 1 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo de acceso libre e promoción interna, polo sistema selectivo de concurso, para o ingreso en diferentes escalas e subescalas para a estabilización de emprego temporal do persoal de administración e servizos (DOG núm.

238 do 16 de decembro de 2022), Resolución do 19 de decembro de 2022 (DOG núm. 244 do 26 de decembro) pola que se anuncia a convocatoria do proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, como persoal de administración e servizos.

De conformidade co establecido na Resolución do 31 de marzo de 2009 pola que se publica o acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos desta universidade derivados dos procesos de provisión e selección, como regra xeral, a incorporación da persoa titular ao seu novo destino e/ou a perda do dereito de reserva que lle poida corresponder á persoa titular, implicará o cesamento da persoa funcionaria interina e da persoa laboral con contrato temporal ou porá fin á comisión de servizos ou á adscrición provisional.

Cando nunha unidade non se cubran todas as prazas ofertadas da mesma categoría e quenda, o cesamento producirase consonte a orde de prelación que se recolle na orde que se relaciona:

A) Cesamento de persoal funcionario interino ou persoal con contrato temporal ou laboral fixo en funcións doutra categoría :

I. Orde de prelación:

1. Menor puntuación na lista de agarda.
2. Menor antigüidade na Universidade de Vigo.
3. Menor antigüidade na Administración.

II. A citada orde de prelación aplicarase consonte á agrupación de postos que se determina:

1. Escala Técnica Superior de Apoio á Docencia e Investigación.

Subescala: I+D.

En cada campus: servizo e oficina.

2. Escala de Axudante de Arquivos, Bibliotecas e Museos.

Subescala: Biblioteca.

En cada campus, segundo quenda de traballo.

3. Escala Técnica Especialista de Bibliotecas.

Subescala: Biblioteca.

- i. Biblioteca Central e Torrecedeira, segundo quenda e adscrición á RPT.
- ii. Campus Pontevedra e Campus Ourense, segundo quenda.

4. Escala Técnica Especialista de Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns.

Subescala: Inform3tica.

En cada campus, segundo quenda de traballo

5. Escala Auxiliar administrativa.

Subescala: Administraci3n.

- i. Servizo, unidade, oficina, Secretar3a do Equipo de Goberno, Secretar3a Xeral, Asesor3a Xur3dica, Biblioteca Universitaria do Campus de Vigo.
- ii. En cada campus e/ou 3mbito: apoio ao campus ou 3mbito, 3rea acad3mica, 3rea de apoio 3 investigaci3n e transferencia, 3rea de apoio 3 xesti3n de centros e departamentos, 3rea econ3mica, 3rea de servizos 3 comunidade.

6. Escala Auxiliar T3cnica de Servizos Xerais.

Subescala: Conserxer3a.

- i. Servizos Xerais de Apoio: 3rea de Servizos Xerais_Edificios Ernestina Otero, Exeria, Filomena Dato, Miralles, Redeiras (Berb3s); 3rea de Servizos Xerais com3ns: CACTI; CINBIO, CIM (antes ECIMAT); Biblioteca Universitaria do Campus Vigo, segundo quenda de traballo.
- ii. Campus ou 3mbitos: Apoio ao campus ou 3mbito (para o 3mbito de Pontevedra incl3e a Casa das Camp3s), Torrecedeira, Centros (dentro de cada 3mbito ou campus), segundo quenda de traballo.

7. Escala Auxiliar T3cnico de Servizos Xerais.

Subescala: Deportes.

Por campus, segundo quenda de traballo.

Para os efectos da aplicaci3n do presente par3grafo, as listas de agarda ser3n as resultantes do proceso selectivo convocado por Resoluci3n do 1 de decembro de 2022 pola que se convoca proceso selectivo de acceso libre e promoci3n interna polo sistema de concurso-oposici3n para o ingreso en diferentes escalas e subescalas do persoal de administraci3n e servizos (DOG n3m. 238 do 16 de decembro de 2022).

- B) Cesamento de persoal funcionario en comisión de servizos ou persoal laboral fixo con adscrición provisional: Neste suposto o cesamento producirase por orde de menor á maior antigüidade.

Malia o anterior, teranse en conta os seguintes supostos:

- I. Que non se produza a cobertura da praza de orixe polo concurso de méritos.

No caso de que a persoa titular dunha praza con dereito de reserva sobre esta estivese substituído por unha persoa funcionaria interina ou persoa con contrato laboral temporal, e obtendo novo destino, a praza reservada quedase vacante, o persoal substituto pasará a interino en vacante previa extinción do vínculo inicial e expedición do novo vínculo.

- II. Que non se produza a incorporación efectiva no novo posto.

No caso de que a persoa titular adxudicataria dun novo destino, non se incorpore ao novo posto por ter dereito a unha situación de reserva sobre o mesmo,

- i. Se a praza estaba ocupada por persoal laboral contratado temporal, funcionario interino, adscrición provisional ou comisión de servizos, continuará no seu desempeño previa modificación do vínculo inicial por o de persoal substituto
- ii. Se a praza non estaba previamente ocupada polo persoal indicado no parágrafo anterior, a persoa substituta do titular na praza de orixe terá dereito a que se lle ofrezca a cobertura da substitución no novo destino, de ser o caso.

- B) Malia o disposto nos parágrafos precedentes, a incorporación dun titular a un posto de xefatura tales como xefaturas de equipo, xefaturas de negociado, xefaturas de área, xefaturas de sección, coordinacións, e postos de similares características suporá o cesamento da persoa que o viña ocupando con carácter temporal calquera que sexa a natureza do vínculo.

- C) Persoal que non figure nas listas de agarda. Así mesmo, o persoal que non figure como aspirante nas listas de agarda entenderase que ten unha puntuación igual a cero puntos.

CUARTO. Concurso de méritos de categorías non convocadas.

Con carácter previo á resolución dos procesos selectivos aos que se refire o parágrafo primeiro do presente Acordo, a Administración convocará un concurso de méritos para o persoal das escalas e subescalas resultantes do proceso de funcionarización que non puideron ser obxecto de concurso en virtude da Resolución de 30 de setembro de 2022 e que se acordará entre os representantes de persoal e a administración.

QUINTO. Orde de elección de destino, incorporación e tomas de posesión.

A elección de destino polas persoas que superen os procesos convocados polas resolucións recollidas no parágrafo primeiro realizarase segundo a seguinte orde de prelación:

- 1) Resolución pola que se convoca o proceso selectivo de acceso libre e promoción interna, polo sistema selectivo de concurso, para o ingreso en diferentes escalas e subescalas para a estabilización de emprego temporal do persoal de administración e servizos (Diario Oficial de Galicia núm. 238 do 16 de decembro de 2022)
- 2) Resolución do 1 de decembro de 2022 pola que se convoca proceso selectivo de acceso libre e promoción interna polo sistema de concurso-oposición para o ingreso en diferentes escalas e subescalas de persoal de administración e servizos.
- 3) Resolución do 19 de decembro de 2022 pola que se anuncia a convocatoria do proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, como persoal de administración e servizos

Dentro de cada proceso terán preferencia de elección as persoas aspirantes da quenda de promoción interna.

Realizada a elección de destino, abrírase o prazo para a toma de posesión e incorporación, que se realizará simultaneamente para o persoal adxudicatario de praza nos procesos convocados.

Disposición adicional

As listas de agarda resultantes do proceso selectivo convocado por Resolución do 1 de decembro de 2022 (DOG núm. 238 do 16 de decembro de 2022), pola que se convoca proceso selectivo de acceso libre e promoción interna polo sistema de concurso-oposición para o ingreso en diferentes escalas e subescalas de persoal de administración e servizos

entrarán en vigor no primeiro día no que se abra o prazo para a toma de posesión a que se refire o parágrafo quinto do presente acordo.

Disposición final

A Comisión de Seguimento do Acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo nos procesos de provisión e selección, publicado en virtude de Resolución de 31 de marzo de 2009 (DOG núm. 67 do 7 de abril de 2009), coñecerá das cuestións que se susciten na interpretación e aplicación do presente acordo.

A Xerenta

O Presidente da Comisión Permanente
de Negociación do PAS

Yolanda T. Lesmes Romero

Xoán M. Cebro Rodríguez

(acta asinada dixitalmente)